

4/32 **RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL 2026.**- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. INFORME DE INTERVENCIÓN, do 17 de marzo de 2026, do seguinte teor:

**INFORME DE INTERVENCIÓN**  
**Asunto: Reclamacións Orzamento Xeral 2026**  
**Exp. Tecol nº 2026/W001/000001**

En contestación á solicitude da Alcaldía interesando a emisión de informe desta Intervención xeral sobre as reclamacións presentadas durante o prazo de exposición ao público ao Orzamento Xeral desta Corporación para o exercicio 2026, o funcionario que suscribe ten a ben realizar as seguintes consideracións:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Entre outra normativa de aplicación, pódese destacar a seguinte:

**A) Lexislación específica local:**

- *Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003*
- *Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local.*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.*
- *Real Decreto 500/90 do 20 de Abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do Título VI do TRLFL, en materia orzamentaria.*
- *Orde HAP 419/2014 de 14 de marzo de estrutura presupostaria das entidades locais.*
- *Orde HAP 1783/2013 do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrucción do modelo Normal, de contabilidade para a Administración Local*
- *Orde HAP/2082/2014 de 7 de novembro, de obrigas de subministro de información previstas na LO 2/2012*

**B) Lexislación supletoria de Estado:**

- *Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria*
- *Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria*
- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*
- *Lei Orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira e normativa de desenvolvemento*

**C) Normativa propia da Entidade local**

- *Ordenanzas fiscais*
- *Bases de execución orzamentarias*

**ACTAS E GOBERNO**

AMRG/cal

Ref: 26p040040032

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-3-2026

**D ) Outros instrumentos xurídicos de aplicación.**

- *Regulamento interno do persoal funcionario do Concello de Lugo e Convenio Colectivo do Persoal Laboral*

**ANTECEDENTES QUE OBRAN NO EXPEDIENTE**

❖ **Aprobación inicial do Orzamento Xeral.** *O Excmo. Concello Pleno, na súa sesión ordinaria celebrada o día 06/02/2026, adoptou, entre outros, o acordo 1/12 polo que se aprobou inicialmente o Orzamento Xeral para o ano 2026.*

❖ **Anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo** *núm. 037 de 14/02/2026, de exposición pública polo prazo de quince días hábiles do Orzamento Xeral ao efecto da presentación de reclamacións polos interesados.*

❖ **Alegacións ao Orzamento 2026** *A xefa de negociado de Rexistro, o 11/03/2026, emitiu un informe relativo ás reclamacións presentadas ao orzamento xeral da Corporación para a anualidade 2026, que a continuación se detallan:*

NÚM REXISTRO	DATA PRESENTACION	SOLICITANTE
20260000009241	03-03-2026 12:57:13	CEIP AS GANDARAS
20260000009908	06-03-2026 09:12:13	AFI-USO
202699900004700	02-03-2026 16:12:33	ASOCIACION VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA XUNTOS POR LUGO
202699900004737	02-03-2026 22:50:35	ASOCIACION DE VECIÑOS SAGRADO CORAZON DE LUGO
202699900004824	03-03-2026 14:01:21	RODRIGUEZ CHAO, MARIA TERESA
202699900004845	03-03-2026 16:10:01	ASOCIACION VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA XUNTOS POR LUGO
202699900004906	04-03-2026 10:15:22	ASOCIACION DE FESTAS SAN XOSE AS GANDARAS
202699900005006	04-03-2026 20:37:46	PLATAFORMA SOS MILAGROSA
202699900005012	04-03-2026 21:09:50	ASOCIACION DE EMPRESARIOS DO POLIGONO INDUSTRIAL DO CEAO
202699900005045	05-03-2026 09:27:02	MOVEMENTO VECIÑAL EQUIPO DE TRABALLO O CASTIÑEIRO
202699900005057	05-03-2026 10:18:41	FERNANDEZ GONZALEZ,

NÚM REXISTRO	DATA PRESENTACION	SOLICITANTE
		CRISTINA
202699900005059	05-03-2026 10:21:54	ASOCIACION PROTECTORA DE GATOS DA RUA MICHOS DE LUGO
202699900005088	05-03-2026 12:02:50	ASOCIACION DE VECIÑOS NOVA ABELLA
202699900005135	05-03-2026 17:19:24	SOCIEDAD PROTECTORA DE ANIMALES Y PLANTAS DE LUGO
202699900005152	05-03-2026 22:48:13	ASOCIACION CULTURAL DE VECINOS Y COMERCIANTES DE SAN ANTONIO
202699900005153	05-03-2026 22:52:15	ASOCIACION CULTURAL DE VECINOS Y COMERCIANTES DE SAN ANTONIO
202699900005154	05-03-2026 22:55:57	ASOCIACION CULTURAL DE VECINOS Y COMERCIANTES DE SAN ANTONIO
202699900005256	06-03-2026 16:43:43	ASOCIACION SAN ISIDRO PIRINGALLA

### INFORME DE INTERVENCIÓN

Con carácter previo á avaliación das reclamacións presentadas, advírtese do alcance do presente informe, que se limita á análise destas en criterio desta Intervención xeral, en relación cos supostos taxados de reclamación previstos no Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Dende ese punto de vista de **observancia da legalidade** e non de **criterios de oportunidade** (coas limitacións derivadas da xurisprudencia do TS sobre a competencia plenaria nesta fase da tramitación procedimental do Orzamento), que excederían das funcións legalmente outorgadas a este órgano, é dende o que se emite o parecer da Intervención xeral.

#### **A. Competencia : Concepto de “interesados”**

Sinala o artigo 170.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo , polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que *“para os efectos do disposto no apartado do artigo anterior, terán a condición de interesados:*

## ACTAS E GOBERNO

AMRG/cal

Ref: 26p040040032

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-3-2026

- a) *Os habitantes no territorio da respectiva entidade local.*
- b) *Os que resulten directamente afectados, aínda que non habiten no territorio da entidade local.*
- c) *Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios.”*

Pode, en principio, en función do disposto no artigo transcrito, admitirse a condición de interesados dos asinantes das distintas alegacións e reclamacións presentadas, sen prexuízo do maior ou menor rigor formal da súa formulación.

### **B. Prazo.**

O prazo estipulado pola normativa vixente para a presentación de reclamacións é de quince días hábiles, a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia (**BOP nº 037 de 14.02.2026**)

Tódalas reclamacións foron presentadas dentro do prazo sinalado na lexislación en vigor, sendo de aplicación o disposto no artigo 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

### **C. Análise do contido das Reclamacións.**

O artigo 170.2 do citado Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, establece que

*“Unicamente poderán establecerse reclamacións contra o orzamento:*

- a) *Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta lei.*
- b) *Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.*
- c) *Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzamentados ou ben destes respecto ás necesidades para as que estea previsto”*

Logo de ver o contido do presente artigo, na fase de exposición pública unicamente deberan **admitirse** reclamacións que contén coa natureza citada, e, de ser o caso, **estimarse** ou **desestimarse** polo Pleno da Corporación, aquelas que se baseen nalgún dos sinalados supostos, sen prexuízo das consideracións que con respecto de cada unha delas se exporán de seguido.

### **Análise das alegacións e reclamacións formuladas**

- **Reclamación NRE 202699900004700 presentada o 02.03.2026 por ASOCIACION VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA XUNTOS POR LUGO.**

- **Reclamación NRE 202699900004737 presentada o 02.03.2026 por ASOCIACION DE VECIÑOS SAGRADO CORAZON DE LUGO.**
- **Reclamación NRE 202600000009241 presentada o 03.03.2026 por CEIP AS GANDARAS.**
- **Reclamación NRE 202699900004906 presentada o 04.03.2026 por ASOCIACION DE FESTAS SAN XOSE AS GANDARAS.**
- **Reclamación NRE 202699900005006 presentada o 04.03.2026 por CARBALLO BARRO, TERESA en representación da PLATAFORMA SOS MILAGROSA.**
- **Reclamación NRE 202699900005012 presentada o 04.03.2026 por ASOCIACION DE EMPRESARIOS DO POLIGONO INDUSTRIAL DO CEAO.**
- **Reclamación NRE 202699900005045 presentada o 05.03.2026 por PARGA VALIÑA, RAMON en representación de EQUIPO DE TRABALLO O CASTIÑEIRO.**
- **Reclamación NRE 202699900005088 presentada o 05.03.2026 por JOSE MANUEL RODRIGUEZ VARELA en representación de ASOCIACION DE VECIÑOS NOVA ABELLA.**
- **Reclamación NRE 202699900005057 presentada o 05.03.2026 por FERNANDEZ GONZALEZ, CRISTINA, como habitante do territorio da entidade local.**
- **Reclamación NRE 202699900005152 presentada o 05.03.2026 por ASOCIACION CULTURAL DE VECINOS Y COMERCIANTES DE SAN ANTONIO.**
- **Reclamación NRE 202699900005153 presentada o 05.03.2026 por ASOCIACION CULTURAL DE VECINOS Y COMERCIANTES DE SAN ANTONIO.**
- **Reclamación NRE 202699900005154 presentada o 05.03.2026 por ASOCIACION CULTURAL DE VECINOS Y COMERCIANTES DE SAN ANTONIO.**
- **Reclamación NRE 202699900005256 presentada o 06.03.2026 por ASOC VECIÑAL CULTURAL DEPORTIVA SAN ISIDRO PIRINGALLA.**

Nas reclamacións presentadas ou non se indica o suposto legal en que se basean, ou se fai mención dos artigos 170.1.a) e c), así como 170.2.b) do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, como preceptos que as amparan.

## ACTAS E GOBERNO

AMRG/cal

Ref: 26p040040032

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-3-2026

En tódolos casos trátase da solicitude de inclusión de importes no orzamento para determinadas actuacións baseadas en **critérios de oportunidade**, en concreto:

- Redacción do proxecto técnico e execución da obra “Beirarrúa/itinerario peonil ata o cemiterio de San Froilán”, incluíndo estudo de alternativas, medicións, orzamento e, de ser o caso, análise de afeccións e/ou necesidade de dispoñibilidade de terreos
- Ampliación do proxecto de acceso á cidade de Lugo pola Fervedeira ata a conexión coa Rolda Norte, acometendo unha mellora integral do ámbito de actuación e reforzando as intervencións previstas, co fin de garantir unha entrada segura, cómoda e axeitadamente iluminada, dotada de itinerarios peonís accesibles e cunha imaxe urbana coidada e acorde coa condición de porta de entrada á cidade para todas as persoas que acceden a Lugo
- Redacción do proxecto para dotar á rúa Virxe da Soidade dunha beirarrúa ou senda peonil que garanta o tránsito de peóns de forma segura, instando ao Concello de Lugo a concretar a adecuación de créditos mediante as operacións orzamentarias que procedan, garantindo o equilibrio orzamentario
- Partida específica no Plan municipal de vivenda e rehabilitación para o barrio da Milagrosa, destinada a actuacións de rehabilitación do parque edificatorio, mellora de accesibilidade e eficiencia enerxética, e rexeneración do contorno urbano asociado.
- Actuacións no polígono do Ceao: Renovación integral da rede de abasto de auga, Revisión e mellora da rede de saneamento, Mellora da sinalización horizontal e vertical, Reparación de fochancas e asfaltado integral de viais, Creación de novas zonas de aparcamento, Limpeza e mantemento de espazos públicos, Xestión de residuos, Seguridade cidadá, Transporte urbano.
- Distribución da partida orzamentaria 24100.62700 do Poxecto PAI Novo Norte, de xeito que a dotación económica atribuída á Casa do Migrante se destine ao arranxo integral, adecuación e posta en funcionamento dos locais sociais do barrio do Castiñeiro
- Inclusión no orzamento de partida destinada á demolición do tapón urbanístico existente na rúa Amizade, e apertura e acondicionamento de vial que conecte Evaristo Correa Calderón, Río Lor, Serra Gañidoira e Escultor Asorey
- Inclusión de partida específica por un importe de 80.000€ destinada ao Plan Municipal de Vivenda para a Mocidade, coa correspondente adecuación de créditos que resulte necesaria dentro do programa de vivenda, a fin de garantir a súa execución efectiva
- Inclusión de partida específica de investimento destinada a acondicionar e poñer a punto o canil actualmente en estado de abandono no ámbito do barrio de Santo Antonio de Padua
- Inclusión de partida específica de investimento destinada ao acondicionamento e posta en valor do parque situado detrás das vivendas fronte ao centro comercial no ámbito de influencia do barrio de San Antonio de Padua, actualmente abandonado e sen dotacións nin mantemento

- Incorporar ao Orzamento Xeral 2026 unha partida específica de investimento destinada á construción dunha rotonda/glorieta na Praza da Fonte dos Ranchos, co obxecto de mellorar a fluidez do tráfico e a seguridade viaria. Subsidiariamente, para o caso de non poder consignarse o importe total da execución, dotar crédito suficiente en 2026 para a redacción do proxecto e a tramitación administrativa, comprometendo a execución na primeira modificación orzamentaria ou no plan plurianual correspondente
- Inclusión dunha partida orzamentaria específica ou unha previsión económica suficiente destinada á creación dun plan de supresión de tapóns urbanísticos no termo municipal de Lugo. Que se outorgue carácter prioritario aos tapóns urbanísticos que afectan ao barrio da Piringalla, en particular os situados en Camiño de Pipín e Mar Cantábrico

En relación con isto, cómpre dicir que o trámite de reclamacións non está previsto legalmente para constituírse nunha sorte de segunda instancia que abra un novo debate sobre o orzamento, non tendo encaixe esta pretensión en ningún dos supostos do artigo 170.2 do TRLRFL.

Máis en concreto, no que se refire ao apartado b) do citado precepto, é dicir omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, cómpre recordar que reiterada xurisprudencia ten asentado que para que puidese prosperar unha alegación baseada nese motivo, sería necesario que existise un dereito recoñecido legal ou administrativamente, que á súa vez se traducira nunha obriga vencida, líquida e esixible, o que non é o caso en ningunha das reclamacións analizadas. Por exemplo STSX da C. Valenciana nº 452/2021 de 14.09.2021, "(...) *seguen sen acreditar o nacemento da obriga por calquera tipo de resolución administrativa ou xurisdiccional, acto, contrato, demais título de nacemento da suposta obriga*"

Isto é así porque o artigo 170.2.b) do TRLRFL ten que poñerse en relación co 173.1 do mesmo texto legal que sinala que as obrigas de pago só serán esixibles cando resulten da execución dos seus respectivos orzamentos, ou de sentenza xudicial firme.

Por iso, non é abondo con ter unha simple expectativa ou presunción de que existirá unha obriga de futuro, sendo imprescindible para aplicar o citado precepto que o interesado teña un título suficiente esixible á Entidade Local e que esta non consigne crédito para darlle cumprimento, o que non acontece en ningún dos casos.

Ademais do exposto, e con independencia da conclusión á que se chega polo que subscribe por non ter amparo as reclamacións nos supostos do artigo 170.2 do TRLRFL, cómpre sinalar o seguinte sobre algunha das presentadas que se recollen neste apartado:

## ACTAS E GOBERNO

AMRG/cal

Ref: 26p040040032

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-3-2026

- No que se refire aos tapóns urbanísticos, especialmente do barrio da Piringalla, en particular os situados en Camiño de Pipín e Mar Cantábrico, foi emitido o día 12.03.2026 un informe pola adxunta do servizo de arquitectura no que se sinala que *“Para a eliminación de calquera tapón urbanístico debe estar situado nunha vía cualificada como dotación viaria polo Plan Xeral de Ordenación Municipal. Seguidamente débese redactar un proxecto de expropiación que cuantifique o importe dos pagos. Coa recente asignación ao Concello de Lugo da senda financeira FEDER con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027, en cuxa solicitude o concello xa incorporaba esta actuación como proxecto estratéxico de mobilidade sostible, xorde agora a oportunidade de completar o percorrido da 2ª Ronda proposta polo PXOM e polo que se contrata a redacción do proxecto de expropiación do viario incluído no PXOM en continuación da rúa Evaristo Correa Calderón no tramo non executado entre rúa Amizade e Río Lor sinalado no anexo de situación. O proxecto de expropiación xa se atopa en fase de redacción polo adxudicatario Jose María Alonso Carrasco DNI 33.535.851B . Precisamente trátase do ámbito do tapón urbanístico ao que se refire a alegación. Así pois pódese afirmar que o que se solicita xa se atopa incluído no Orzamento Municipal 2026”*
- No que se refire a que, no Poxecto PAI Novo Norte, a dotación económica atribuída á Casa do Migrante se destine ao arranxo dos locais sociais do barrio do Castiñeiro, dicir que no Orzamento Xeral figura a consignación xenérica da achega municipal de 2026 ao proxecto na aplicación 24100.60900, pero non se contén neste desagregación ningunha das actuacións a executar. Estas resultan da solicitude de achega formulada e do acordo de concesión. Polo tanto para poder modificar ou alterar as finalidades haberá que estar á normativa reguladora destas axudas e seguir o procedemento recollido nesta se procede, o que é independente e non afecta ao orzamento xeral.
- Na reclamación que se refire a actuacións no polígono do Ceao, de xeito similar á anterior, dicir que consta o proxecto contable 26XX00010 15300.61900 *Pavimentación e mellora Polígonos Industriais*, cuna contía de 190.000,00 €, sen desagregar, que pode incluír todas ou parte das actuacións recollidas na alegación formulada.

Todo isto sen prexuízo do que outros servizos municipais afectados podan á súa vez informar sobre o fondo das reclamacións en cuestión recollidas neste punto, pero que, como se sinalou, non ten transcendencia aos efectos da conclusión a que se debe chegar dende o punto de vista de axuste aos supostos legais.

Polo exposto, a xuízo de quen subscribe procede a **inadmisión das alegacións/reclamacións presentadas** que se recollen no presente punto por non atopar encaixe en ningún dos supostos do artigo 170.2 do TRLRFL

- **Reclamación NRE 202699900004845 presentada o 03.03.2026 por ASOCIACION VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA XUNTOS POR LUGO.**

No seu escrito a asociación reclamante fai referencia a que pretende mellorar a xustiza tributaria e a coherencia entre planificación urbanística e realidade socioeconómica. Sinala que nas Áreas de Expansión de Núcleo previstas no PXOM, existen inmobles que tributan como urbanos pero ao carecer de ordenación predeterminada e de condicións de desenvolvemento inmediato, non dispoñen dun aproveitamento real nin dunha expectativa certa no curto ou medio prazo, o que supón unha carga fiscal desproporcionada. Sinala que a solución vén por unha bonificación da ordenanza fiscal de IBI, pero para garantir recursos para levala a cabo resulta necesario habilitar unha partida específica de 70.000€, sen indicar a orixe deste cálculo nin as partidas afectadas.

Como se veu sinalando ao longo deste informe, o artigo 170.2 do TRLRFL sinala que **unicamente** poderán establecerse reclamacións contra o orzamento:

- a) Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta lei.
- b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto ás necesidades para as que estea previsto

Pois ben, analizada a alegación en cuestión, compróbase que o reclamante non a funda en ningún dos preceptos sinalados, sendo o máis aproximado o suposto recollido no artigo 170.2.b), de omisión de crédito necesario.

Pero como xa se indicou en puntos anteriores do informe, a xurisprudencia establece que para que puidese prosperar unha alegación baseada nese motivo, sería necesario que existise un dereito recoñecido legal ou administrativamente, que á súa vez se traducira nunha obriga vencida, líquida e esixible, o que non é o caso. Por exemplo a STSX da C. Valenciana nº 452/2021 de 14.09.2021, dispón "(...) seguen sen acreditar o nacemento da obriga por calquera tipo de resolución administrativa ou xurisdiccional, acto, contrato, demais título de nacemento da suposta obriga"

Isto é así porque o artigo 170.2.b) do TRLRFL ten que poñerse en relación co 173.1 do mesmo texto legal que sinala que as obrigas de pago só serán esixibles cando resulten da execución dos seus respectivos orzamentos, ou de sentenza xudicial firme.

Por iso, non é abondo con ter unha simple expectativa ou presunción de que existirá unha obriga de futuro, sendo imprescindible para aplicar o citado precepto que o interesado teña un título suficiente esixible á Entidade Local e que esta non consigne crédito para darlle cumprimento.

## ACTAS E GOBERNO

AMRG/cal

Ref: 26p040040032

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-3-2026

Pois ben, no caso da reclamación en cuestión nin existe esta obriga, nin se atopa cuantificada, nin se xustifica o importe consignado, nin tampouco, polo devir ordinario da tramitación desta tipoloxía de expedientes, existe unha expectativa de que chegase a existir nun futuro, posto que, de que se levase a cabo, as modificacións das ordenanzas fiscais para introducir unha bonificación nun tributo son tramitadas polos servizos municipais de facenda e tesourería/recadación, correspondendo aos seus técnicos a emisión dos informes preceptivos e a realización dos cálculos que procedan, estando consignados os créditos correspondentes para as súas retribucións nos orzamentos.

En todo caso, e con independencia da conclusión a que se chega polo exposto ata agora consta un informe emitido pola Xefa de Servizo de Facenda Local o 12.03.2026 no que se recolle unha análise da posibilidade de establecer a bonificación en cuestión, da data na que podería ter efectos e remata por sinalar:

*"1) Con independencia da data no que o Catastro Inmobiliario leve a cabo os correspondentes procedementos de subsanación de discrepancias no orde de retrotraer ás actuacións á data de efectos dos procedementos simplificados de valoración colectiva" "PSSU - P.S. CAMBIO DE NATURALEZA DE RÚST. A URB. POR 7.2ª, sinalados no apartado terceiro dos antecedentes, na data de 1 de xaneiro de 2027, data de devindicación do imposto, no que podería ter efectos a devandita bonificación, os bens inmoables sitios nas áreas de expansión sen ordenación terán de novo a calificación a efectos catastrais de béns de natureza rústica.*

*4) Deberán ser obxecto de devolución aqueles ingresos que teñan efectuado os interesados en relación aos bens inmoables sitios nas áreas de expansión sen ordenación emitidos no padrón do imposto sobre bens inmoables do exercicio 2026 e no seu caso os que se emitan no padrón do imposto sobre bens inmoables do exercicio 2027 como bens de natureza urbana, unha vez o catastro inmobiliario teña tramitado os correspondentes expedientes de subsanación de discrepancias no orde de retrotraer ás actuacións á data de efectos dos procedementos simplificados de valoración colectiva" "PSSU - P.S. CAMBIO DE NATURALEZA DE RÚST. A URB. POR 7.2ª, sinalados no apartado terceiro dos antecedentes"*

Por tanto, a xuízo de quen subscribe procede a inadmisión da reclamación presentada por non atopar encaixe en ningún dos supostos do artigo 170.2 do TRLRFL.

**- Reclamación NRE 202699900005135 presentada o 05.03.2026 pola SOCIEDAD PROTECTORA DE ANIMALES Y PLANTAS DE LUGO.**

**- Reclamación NRE 202699900005059 presentada o 05.03.2026 pola ASOCIACION PROTECTORA DE GATOS DA RUA MICHOS DE LUGO.**

Neste caso, polo contido e conclusión similar, analízanse en conxunto tamén estas reclamacións:

- No seu escrito a SOCIEDAD PROTECTORA DE ANIMALES Y PLANTAS DE LUGO reclamante fai referencia á subvención nominativa que vén percibindo do concello dende hai anos, por un importe concreto. Analiza a súa situación económica, a suposta insuficiencia da achega de exercicios previos, e fai unha comparación co Concello de Santiago. Conclúe solicitando que se proceda a actualizar a contía do Convenio para subscribir, tomando en consideración os custos reais do servizo que realizan.
- No caso da ASOCIACION PROTECTORA DE GATOS DA RUA MICHOS DE LUGO, esta fai referencia a un convenio que ten asinado anualmente co Concello de Lugo dende o ano 2020. Analiza o incremento do gasto que lle supón a execución das súas actividades, a suposta insuficiencia da achega que se prevé no orzamento, e a consecuencia que implicaría realizar un axuste de gasto previsible e deixar de realizar parte destas. Conclúe solicitando que se proceda ao incremento da dotación económica da subvención para o ano 2026.

Como se veu sinalando ao longo deste informe, o artigo 170.2 do TRLRFL sinala que **unicamente** poderán establecerse reclamacións contra o orzamento:

- a) Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta lei.
- b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto ás necesidades para as que estea previsto

Pois ben, analizadas as alegacións en cuestión, compróbase que se fundan, segundo o seu texto, no suposto recollido no artigo 170.2.b). Como xa se sinalou en puntos anteriores, a xurisprudencia establece que para que puidese prosperar unha alegación baseada nese motivo, sería necesario que existise un dereito recoñecido legal ou administrativamente, que á súa vez se traducira nunha obriga vencida, líquida e esixible, o que non é o caso. Por exemplo a STSX da C. Valenciana nº 452/2021 de 14.09.2021, dispón "(...) *seguen sen acreditar o nacemento da obriga por calquera tipo de resolución administrativa ou xurisdicional, acto, contrato, demais título de nacemento da suposta obriga*"

Isto é así porque o artigo 170.2.b) do TRLRFL ten que poñerse en relación co 173.1 do mesmo texto legal que sinala que as obrigas de pago só serán esixibles cando resulten da execución dos seus respectivos orzamentos, ou de sentenza xudicial firme.

Por iso, non é abondo con ter unha simple expectativa ou presunción de que existirá unha obriga de futuro, sendo imprescindible para aplicar o citado precepto

## ACTAS E GOBERNO

AMRG/cal

Ref: 26p040040032

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-3-2026

que os interesados teñan un título suficiente esixible á Entidade Local e que esta non consigne crédito para darlle cumprimento.

A previsión de importes no orzamento en concepto de subvención nominativa non xera ningún dereito a favor dos terceiros nin obriga para o concello, en tanto non se concedan polo órgano competente para iso, e se proceda posteriormente á correcta xustificación. Deste xeito pódese dicir que é un requisito necesario previo para poder outorgalas, pero que non vincula ao concello nin para a propia concesión, nin para a cifra consignada salvo como tope máximo.

Do mesmo xeito, ser beneficiario de achegas nominativas en exercicios previos tampouco supón ningún dereito adquirido, pois a chamada “nominatividade” non estende os seus efectos máis aló do orzamento para o que se recolle, como se ocupou de aclarar a Circular 1/2019, do 27 de marzo, da Intervención Xeral da Administración do Estado (IGAE) sobre os efectos da prórroga dos Orzamentos nos créditos destinados a subvencións nominativas.

Por tanto, a xuízo de quen subscribe procede a inadmisión das alegacións/reclamacións presentadas por non atopar encaixe en ningún dos supostos do artigo 170.2 do TRLRFL.

**- Reclamación NRE 202699900004824 presentada o 03.03.2026 por dona María Teresa Rodríguez Chao, con DNI nº 33.308.138-K, en calidade de Presidenta da Sección Sindical de CC.OO. no Concello de Lugo.**

Na alegación formulada mecionase o apartado no que se basea dos relacionados no artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, en concreto fai relación á previsión establecida no apartado a) do dito precepto, que sinala que poderán establecerse reclamacións contra o orzamento por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta lei. Esta dicción debe completarse co recollido á súa vez no artigo 22.2.a) do RD 500/1990 que amplia o suposto a “non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites legais”.

En esencia, alégase pola ausencia de negociación colectiva coa Representación Legal das Persoas Traballadoras (RLT), pola insuficiencia de documentación e motivación en partidas retributivas relevantes, así como pola falta de correspondencia entre o Capítulo I e a plantilla orgánica.

Sínalase que “o Capítulo I e os seus documentos anexos non son neutros desde a perspectiva do persoal municipal, pois concretan a masa e estrutura do gasto de persoal, a planificación de efectivos, a dotación de prazas e postos, e, segundo o contido, **poden incorporar decisións con impacto directo en condicións de traballo e retribucións**”

Indícase que constan consignacións e decisións que, polo seu contido retributivo e organizativo requirían una negociación previa, nomeando o complemento de produtividade, do que di que *“non se identifican criterios de reparto, parámetros obxectivos, procedemento interno de asignación (...)”*, carreira profesional *“sen medida explicativa que identifique a que obedece cada cifra, que escenarios se financian, que regra de cálculo se emprega (...)”*, gratificacións cun *“incremento considerable do crédito sen explicación suficiente da súa finalidade, das necesidades do servizo que se pretende cubrir, nin dos criterios de devindicación e distribución”*.

Por outra banda, ao igual que no exercicio previo indícase a falta de correspondencia entre Capítulo I e plantilla/anexo pola existencia de 4 prazas do 010 que non constan na plantilla orgánica.

Finalmente fala doutras necesidades organizativas e obrigas materiais que requiren análise, documentación e tratamento negociado, e que poden ter impacto orzamentario directo no Capítulo I, como son: Substitución das directoras das escolas infantís municipais en períodos de ausencia, Dotación para a apertura, negociación e modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT), Dotación económica para a negociación da xornada dos servizos especiais, Dotación para a elaboración, negociación, implantación e avaliación do Plan de Igualdade, Incremento da partida de formación vinculado á implantación da carreira profesional.

Conclúe sinalando que a configuración do Capítulo I e dos seus conceptos retributivos relevantes (produtividade, carreira profesional, gratificacións) preséntase sen documentación mínima explicativa que permita coñecer: a finalidade do incremento, o criterio de asignación, a metodoloxía de reparto, o impacto por colectivos/servizos, nin a xustificación do cambio respecto do exercicio anterior.

Pois ben, unha vez exposto de xeito sucinto o contido da reclamación, compre en primeiro lugar lembrar que as materias obxecto de negociación atópanse recollidas nos artigos 37 do TREBEP e 153 da LEPG, e, en ningún deles se cita expresamente a aprobación dos orzamentos anuais, o capítulo I destes, ou os cadros de persoal (que son un documento independente pero que se aproba xunto con estes), como susceptibles desta negociación.

Deste xeito, unicamente sería preceptiva esta, se, a través do contido destes instrumentos, se repercutise nas condicións de traballo do persoal relativas ás materias dos citados artigos, como por exemplo:

a) A aplicación do incremento das retribucións do persoal ao servizo das administracións públicas que se estableza na Lei de orzamentos xerais do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ACTAS E GOBERNO

AMRG/cal

Ref: 26p040040032

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-3-2026

b) A determinación e aplicación das retribucións complementarias do persoal funcionario.

c) As normas que fixen os criterios xerais en materia de acceso, carreira, provisión, sistemas de clasificación de postos de traballo e plans e instrumentos de planificación de recursos humanos.

d) As normas que fixen os criterios e mecanismos xerais en materia de avaliación do desempeño (...)

k) As que afecten as condicións de traballo e ás retribucións dos funcionarios, **cuxa regulación esixa norma con rango de lei.**

l) Os criterios xerais sobre ofertas de emprego público.

m) As referidas a calendario laboral, horarios, xornadas, vacacións, permisos, mobilidade funcional e xeográfica, así como os criterios xerais sobre a planificación estratéxica dos recursos humanos, naqueles aspectos que afecten a condicións de traballo dos empregados públicos, etc.

No caso que nos ocupa, o capítulo I do Orzamento límitase a incluír os importes correspondentes ao persoal recollido na vixente RPT, como esixe o artigo 38.3 da Lei de Emprego Público de Galicia, crédito para contratacións temporais segundo as previsións dos distintos servizos, e o preciso para dar cobertura ao resto de complementos que non forman parte directamente dos devengos ordinarios mensuais. No propio informe do Servizo de Persoal asinado pola Xefa de Sección, Eva Seoane Cazón o 14.01.2026, indícase que *“Así, a plantilla orzamentaria remitida cumpre coas prescricións sinaladas de tal forma que reflicte os créditos correspondentes aos postos recollidos na Relación de Postos de Traballo no que se refire ás retribucións complementarias e á Plantilla Orgánica no que se refire ás retribucións básicas, previndo a totalidade de postos recollidos na relación de postos de traballo e das prazas da plantilla orgánica, tal e como esixe a normativa sinalada. Dáse unha concordancia dos instrumentos organizativos sinalados. Estes gastos desglósanse por áreas de gastos, políticas de gasto e grupos de programas, tanto das retribucións propostas como dos custes de seguridade social a cargo do empregador”*.

Cómpre engadir ademais, neste caso concreto, que o cadro de persoal ou plantilla orgánica á que se fai mención, non contén en principio variacións con respecto á aprobada no exercicio anterior, no que se refire a creación, amortización ou alteración das prazas que contén, que se sitúa en 669 como en 2025, de xeito que tampouco dende este punto de vista existiría ningunha proposta de modificación susceptible de negociación.

Así, entende o que subscribe, que en ningún caso ten lugar a suposta incidencia que se sinala na reclamación de que a simple consignación de importes no orzamento poda afectar ás condicións de traballo do persoal ou ás súas retribucións do xeito que se indica

No que se refire a aplicación de incrementos retributivos susceptibles de negociación, dicir que a variación entre o capítulo I do orzamento xeral entre 2025 e 2026 ascende a un 1,94%, e no informe do servizo de persoal de 14.01.2026 indícase que *“As razóns destas variacións débense en parte á aplicación dos incrementos salariais previstos para o ano 2026 así como á inclusión dos créditos destinados a contratacións temporais e, proxectos vixentes e previstos para o ano 2026”*

Agora ben, xa se advirte no informe de intervención aos orzamentos que *“O artigo 21.2 do TREBEP proscribe incrementos retributivos que globalmente supoñan un incremento da masa salarial superior aos límites fixados anualmente na Lei de Orzamentos Xerais do Estado. Malia que estes non se atopan aprobados para 2026, si que o Real Decreto Lei 14/2025, de 2 de decembro, recolle para este ano un incremento global máximo do 1,5% respecto ás retribucións vixentes a 31.12.2025, polo que as que se perciban polo persoal municipal (e de EVISLUSA) deberanse manter nestes termos con independencia do importe que se consigne nos orzamentos”*.

Por tanto, no Orzamento de 2026 recóllese crédito suficiente para facer efectivo este tope máximo, pero **a súa aplicación** corresponde no Concello de Lugo, encadrado no título X da LRBRL, á **Xunta de Goberno Local**, vía artigo 127.1.h) desta norma, e así se fixo por exemplo en 2024 (acordo nº 9/356 de 31.07.2024), ou en 2025 (acordo nº 11/499 de 10.12.2025 polo que neste caso se delega a competencia na Tenenta de Alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, que dita á súa vez Decreto nº 11994/2025 de 22.12.2025), polo que **nada se furta á capacidade de negociación dos representantes dos traballadores** que, en todo caso, terá que ter lugar con ocasión da adopción da decisión de aplicación deste incremento para 2026 pola citada Xunta de Goberno Local.

No que atinxe á produtividade, concepto que tamén se cita na reclamación, esta regúlase no acordo plenario 4/93 de 29.07.2019, negociado no seu momento cos representantes dos traballadores, que precisamente se denomina CRITERIOS PARA O REPARTO DO COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE, no que se recollen entre outros aspectos os *“criterios de reparto, parámetros obxectivos e procedemento interno de asignación”*, a que se refire a reclamación, que non foi modificado e que en nada se vé afectado pola aprobación do orzamento, mantendo a súa plena vixencia nos termos en que se negociou e aprobou no seu momento.

A regulación das gratificacións por servizos extraordinarios recóllese á súa vez no Regulamento Interno de persoal (modificado neste aspecto o 31.01.2019, acordo plenario nº 3/3, publicado no BOP nº 053 de 04.03.2019) e Convenio Colectivo Único en vigor, que tampouco se vén afectados polo orzamento, e a súa aplicación efectiva, ou como se sinala na reclamación *“finalidade, ..., criterios de devindicación e distribución”* regúlase na INSTRUCCIÓN DE PROCEDIMENTO DE

## ACTAS E GOBERNO

AMRG/cal

Ref: 26p040040032

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-3-2026

TRAMITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE SERVIZOS EXTRAORDINARIOS NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO de 05.01.2024, que tampouco sofre ningunha alteración ou variación coa aprobación do orzamento.

Finalmente, dicir que no Concello de Lugo non se atopa nin aprobado nin implantado ata a data ningún concepto retributivo asociado á carreira profesional, nin tampouco regulada esta. Si está en marcha, precisamente, un proceso de negociación cos representantes dos traballadores para a súa implantación, téndose elaborado un borrador de regulamento polo goberno municipal, sometido a un trámite de alegacións por parte dos representantes sindicais, e celebrado con estes, cando menos, unha reunión de traballo sobre o documento, na que se atopaban presentes tanto o que subscribe como a asinante da reclamación. No informe de intervención aos orzamentos indicábase *"A este respecto dicir que se recollen contías no proxecto de orzamento para a **posible implantación** do complemento retributivo a que se refire o artigo 137.2.c) da LEPG, asociado á carreira horizontal e á avaliación do desempeño (...)"*. Por tanto, a inclusión de importes, éo a efectos unicamente de dispor de consignación se o proceso aprobación deste instrumento fructifica, e sempre dentro dos termos que resulten do mesmo, pero é neste procedemento **onde se está a realizar a correspondente negociación**, que afecta aos elementos expostos na reclamación.

No que atinxe ao resto de circunstancias nas que se basea a reclamación, en primeiro lugar no tocante á falta de correspondencia entre Capítulo I e plantilla/anexo pola existencia de 4 prazas do 010 que non constan na plantilla orgánica, dicir que o artigo 90 da LRBRL sinala que *"1. Corresponde a cada Corporación local aprobar anualmente, a través do Orzamento, o cadro de persoal, que deberá comprender **todos os postos de traballo** reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual. Os cadros de persoal deberán responder aos principios de racionalidade, economía e eficiencia e establecerse de acordo coa ordenación xeral da economía, sen que os gastos de persoal poidan pasar os límites que se fixen con carácter xeral"*.

O artigo 126 do TRRL indica á súa vez que *"Os cadros de persoal, que deberán comprender **todos os postos de traballo** debidamente clasificados reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, aprobaranse anualmente con ocasión da aprobación do Orzamento e haberán de responder os principios enunciados no artigo 90.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril. A elas uniranse os antecedentes, estudos e documentos acreditativos de que se axustan aos mencionados principios"*.

Por tanto, de acordo co exposto, o cadro de persoal debe recoller todos os postos de traballo que existan na corporación, sendo o instrumento onde se determinan e configuran estes a relación de postos de traballo (RPT). Para analizar a vinculación entre a RPT e a plantilla podemos traer a colación a STS de 20.10.2008 na que se sinala que *"Despréndese destes preceptos que **o instrumento técnico, o único, a través de cal se pode modificar o contido de cada posto de traballo é a***

**Relación de Postos de Traballo.** En consecuencia, é evidente que este instrumento, ao ter carácter excluínte doutros para configurar o devandito contido, **vincula ás Plantillas Orgánicas**, que, como di a sentenza recorrida, ten un marcado carácter orzamentario. En definitiva a aprobación da Plantilla Orgánica non é senón a aprobación dunha partida dos orzamentos, que poderá prever un número de funcionarios menor que o establecido na Relación de Postos de Traballo (ao existir por exemplo vacantes que por motivos orzamentarios decidase non cubrir) pero que non pode contradicir no contido, natureza e número máximo de prazas, ás previsións previstas na Relación de Postos de Traballo. Isto xustifica precisamente que como di a sentenza desta Sala do 16 de novembro de 2001, **non sexa precisa na aprobación das Plantillas Orgánicas a negociación colectiva previa**, pois non tería ningún sentido que non se esixise esta negociación, e si para a aprobación da Relación de Postos de Traballo, e despois, se permitira a modificación destas ao aprobar as Plantillas Orgánicas. Iso supoñería unha vulneración do dereito á negociación colectiva previsto na nosa lexislación"

Dito isto, cómpre sinalar que nun concello do título X da LRBRL como Lugo, a aprobación da RPT corresponde, segundo o artigo 127.1.h) desta norma, á Xunta de Goberno Local, e non ao pleno a través dos orzamentos.

Polo tanto, con independencia da obriga de modificar este instrumento para que figuren estes postos (o que non é óbice deste expediente), e deste xeito se inclúan as prazas na Plantilla, os orzamentos deben recoller o crédito preciso para dar cobertura ás obrigas que se deduzan da situación actual, o que se cumpre e se traduce no anexo de persoal que se axunta en aplicación do artigo 168.1.c) do TRLRFL e 18.1.c) do RD 500/1990, que si contén as retribucións e gasto de seguridade social dos seguintes 4 traballadores/as: 2070 V COORDINADOR/A (C.CENTER), 2071 V COORDINADOR/A (C.CENTER), 2073 V TELEOPERADOR/A ESP. (C.CENTER), 2072 V TELEOPERADOR/A ESP. (C.CENTER), cuxos créditos figuran á súa vez no Capítulo I de gastos, nas aplicacións orzamentarias 92500.14302 e 92500.16000.

Por todo o exposto entende o que subscribe que, con independencia de que puidese ser ata recomendable que os representantes dos traballadores tiveran coñecemento do contido do orzamento no que os afecte, como o capítulo I, cadro de persoal ou o anexo de persoal, isto non é óbice para entender que a súa aprobación fose susceptible de negociación preceptiva previa, nin que non se axustase a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos na lei, como esixe o artigo 170.2.a) do TRLRFL, para ser susceptible de reclamación.

O resto de alegacións realizadas, Substitución das directoras das escolas infantís municipais en períodos de ausencia, Dotación para a apertura, negociación e modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT), Dotación económica para a negociación da xornada dos servizos especiais, Dotación para a elaboración, negociación, implantación e avaliación do Plan de Igualdade, Incremento da partida

## ACTAS E GOBERNO

AMRG/cal

Ref: 26p040040032

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-3-2026

de formación vinculado á implantación da carreira profesional, non teñen amparo no artigo 170.2.a) do TRLRFL, senón en todo caso no apartado b) dese precepto, isto é por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.

Pero como xa se dixo, para que fose admisible este suposto, teñen que cumprirse as seguintes condicións:

- O orzamento municipal ten que omitir, é dicir, non consignar un crédito.
- Debe tratarse dun crédito esixible contra a entidade local
- Ese crédito esixible pode ser por calquera precepto ou título lexítimo.

Por tanto, para que poida ter lugar esta causa de alegar contra o orzamento, quen a esgrime tería que ter unha relación xurídica determinada, cuantificada e esixible ao concello, debendo ter a condición de acredor do concello, o que non acontece.

Por iso, non é abondo con ter unha simple expectativa ou presunción de que existirá unha obriga de futuro, sendo imprescindible para aplicar o citado precepto que os interesados teñan un título suficiente esixible á Entidade Local e que esta non consigne crédito para darlle cumprimento.

Por todo o exposto, procederá a desestimación da reclamación presentada

**- Reclamación NRE 20260000009908 presentada o 06.03.2026 por PARDO FERNANDEZ, MANUEL como secretario da sección sindical de AFI-USO no Concello de Lugo.**

En esencia, como na reclamación anterior, alégase que para a aprobación do orzamento, e no relativo ao capítulo I, non se abriu proceso negociador como paso previo á aprobación provisional, de acordo co disposto nos artigos 37 e 33 do TREBEP.

Sínálase que o citado artigo 37 impón a negociación de materias relativas a condicións de traballo, incluíndo retribucións e criterios xerais sobre a oferta de emprego público e a planificación de recursos humanos. Indica que o capítulo I do orzamento, aínda sendo a expresión da potestade orzamentaria do pleno, incorpora determinacións que inciden directa e materialmente en condicións de traballo do persoal municipal (retribucións complementarias, criterios de distribución de masa salarial ...).

Conclúe con que o capítulo I incorpora previsións e parámetros económicos que, máis aló da súa dimensión estritamente contable, proxéctanse sobre condicións de traballo do persoal, con efecto directo sobre a determinación económica que afectan á masa salarial, retribucións básicas e complementarias do persoal

funcionario e laboral e/ou na distribución retributiva e planificación de recursos humanos.

Como na reclamación anterior, unha vez exposto de xeito sucinto o seu contido, compre en primeiro lugar lembrar que as materias obxecto de negociación atópanse recollidas nos artigos 37 do TREBEP e 153 da LEPG, e, en ningún deles se cita expresamente a aprobación dos orzamentos anuais ou o capítulo I destes, como susceptibles desta negociación.

Deste xeito, unicamente sería preceptiva esta, se, a través do contido deste instrumento, se repercutise nas condicións de traballo do persoal relativas ás materias dos citados artigos, como por exemplo:

- a) A aplicación do incremento das retribucións do persoal ao servizo das administracións públicas que se estableza na Lei de orzamentos xerais do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) A determinación e aplicación das retribucións complementarias do persoal funcionario.
- c) As normas que fixen os criterios xerais en materia de acceso, carreira, provisión, sistemas de clasificación de postos de traballo e plans e instrumentos de planificación de recursos humanos.
- d) As normas que fixen os criterios e mecanismos xerais en materia de avaliación do desempeño (...)
- k) As que afecten as condicións de traballo e ás retribucións dos funcionarios, **cuxa regulación esixa norma con rango de lei.**
- l) Os criterios xerais sobre ofertas de emprego público.
- m) As referidas a calendario laboral, horarios, xornadas, vacacións, permisos, mobilidade funcional e xeográfica, así como os criterios xerais sobre a planificación estratéxica dos recursos humanos, naqueles aspectos que afecten a condicións de traballo dos empregados públicos, etc.

No caso que nos ocupa, o capítulo I do Orzamento limitase a incluír os importes correspondentes ao persoal recollido na vixente RPT, como esixe o artigo 38.3 da Lei de Emprego Público de Galicia, crédito para contratacións temporais segundo as previsións dos distintos servizos, e o preciso para dar cobertura ao resto de complementos que non forman parte directamente dos devengos ordinarios mensuais. No propio informe do Servizo de Persoal asinado pola Xefa de Sección, Eva Seoane Cazón o 14.01.2026, indícase que *“Así, a plantilla orzamentaria remitida cumpre coas prescricións sinaladas de tal forma que reflicte os créditos correspondentes aos postos recollidos na Relación de Postos de Traballo no que se refire ás retribucións complementarias e á Plantilla Orgánica no que se refire ás retribucións básicas, previndo a totalidade de postos recollidos na relación de postos de traballo e das prazas da plantilla orgánica, tal e como esixe a normativa sinalada. Dáse unha concordancia dos instrumentos organizativos sinalados. Estes gastos desglósanse por áreas de gastos, políticas de gasto e grupos de programas,*

## ACTAS E GOBERNO

AMRG/cal

Ref: 26p040040032

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-3-2026

*tanto das retribucións propostas como dos custes de seguridade social a cargo do empregador”.*

Cómpre engadir ademais, neste caso concreto, que o cadro de persoal ou plantilla orgánica, non contén en principio variacións con respecto á aprobada no exercicio anterior, no que se refire a creación, amortización ou alteración das prazas que contén, que se sitúa en 669 como en 2025, de xeito que tampouco dende este punto de vista existiría ningunha proposta de modificación susceptible de negociación.

Así, entende o que subscribe, que en ningún caso ten lugar a suposta incidencia que se sinala na reclamación de que a simple consignación de importes no orzamento poda afectar ás condicións de traballo do persoal, ás súas retribucións básicas e complementarias do xeito que se indica, ou á planificación de recursos humanos

No que se refire a aplicación de incrementos retributivos susceptibles de negociación, dicir que a variación entre o capítulo I do orzamento xeral entre 2025 e 2026 ascende a un 1,94%, e no informe do servizo de persoal de 14.01.2026 indícase que *“As razóns destas variacións débense en parte á aplicación dos incrementos salariais previstos para o ano 2026 así como á inclusión dos créditos destinados a contratacións temporais e, proxectos vixentes e previstos para o ano 2026”*

Agora ben, xa se advirte no informe de intervención aos orzamentos que *“O artigo 21.2 do TREBEP proscribe incrementos retributivos que globalmente supoñan un incremento da masa salarial superior aos límites fixados anualmente na Lei de Orzamentos Xerais do Estado. Malia que estes non se atopan aprobados para 2026, si que o Real Decreto Lei 14/2025, de 2 de decembro, recolle para este ano **un incremento global máximo do 1,5%** respecto ás retribucións vixentes a 31.12.2025, polo que as que se perciban polo persoal municipal (e de EVISLUSA) deberanse manter nestes termos con independencia do importe que se consigne nos orzamentos”.*

Por tanto, no Orzamento de 2026 recóllese crédito suficiente para facer efectivo este tope máximo, pero **a súa aplicación** corresponde no Concello de Lugo, encadrado no título X da LRBRL, á **Xunta de Goberno Local**, vía artigo 127.1.h) desta norma, e así se fixo por exemplo en 2024 (acordo nº 9/356 de 31.07.2024), ou en 2025 (acordo nº 11/499 de 10.12.2025 polo que neste caso se delega a competencia na Tenenta de Alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, que dita á súa vez Decreto nº 11994/2025 de 22.12.2025), polo que **nada se furta á capacidade de negociación dos representantes dos traballadores** que, en todo caso, terá que ter lugar con ocasión da adopción da decisión de aplicación deste incremento para 2026 pola citada Xunta de Goberno Local.

No que atinxe a outras retribucións complementarias distintas de complemento de destino e específico, como a produtividade, ou as gratificacións por servizos extraordinarios, estas regúlanse respectivamente no acordo plenario 4/93 de 29.07.2019, negociado no seu momento cos representantes dos traballadores, que precisamente se denomina CRITERIOS PARA O REPARTO DO COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE, e no Regulamento Interno de persoal (modificado neste aspecto o 31.01.2019, acordo plenario nº 3/3, publicado no BOP nº 053 de 04.03.2019) e Convenio Colectivo Único en vigor, así como na INSTRUCCIÓN DE PROCEDIMIENTO DE TRAMITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE SERVICIOS EXTRAORDINARIOS NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO de 05.01.2024. Todos estes instrumentos non se vén modificados ou alterados pola aprobación do orzamento, **mantendo a súa plena vixencia nos termos en que se negociaron e aprobaron no seu momento.**

Finalmente, dicir que no Concello de Lugo non se atopa nin aprobado nin implantado ata a data ningún concepto retributivo asociado á carreira profesional, nin tampouco regulada esta. Si está en marcha, precisamente, un proceso de negociación cos representantes dos traballadores para a súa implantación, téndose elaborado un borrador de regulamento polo goberno municipal, sometido a un trámite de alegacións por parte dos representantes sindicais, e celebrado con estes, cando menos, unha reunión de traballo sobre o documento, na que se atopaban presentes tanto o que subscribe como o asinante da reclamación. No informe de intervención aos orzamentos indicábase "A este respecto dicir que se recollen contías no proxecto de orzamento para **a posible implantación do complemento retributivo a que se refire o artigo 137.2.c) da LEPG, asociado á carreira horizontal e á avaliación do desempeño (...)**". Por tanto, a inclusión de importes, éo a efectos unicamente de dispor de consignación se o proceso aprobación deste instrumento fructifica, e sempre dentro dos termos que resulten do mesmo, pero é neste procedemento **onde se está a realizar a correspondente negociación**, que afecta aos elementos expostos na reclamación.

Por todo o exposto entende o que subscribe que, con independencia de que puidese ser ata recomendable que os representantes dos traballadores tiveran coñecemento do contido do orzamento no que os afecte, como o capítulo I, cadro de persoal ou o anexo de persoal, isto non é óbice para entender que a súa aprobación fose susceptible de negociación preceptiva previa, nin que non se axustase a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos na lei, como esixe o artigo 170.2.a) do TRLRFL, para ser susceptible de reclamación.

Por todo o exposto, procederá a desestimación da reclamación presentada

#### **D. Procedemento:**

O artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, sinala que

## ACTAS E GOBERNO

AMRG/cal

Ref: 26p040040032

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-3-2026

*“1. Aprobado inicialmente o orzamento xeral, expoñerase ao público, previo anuncio no boletín oficial da provincia ou, no seu caso, da comunidade autónoma uniprovincial, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. O orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.*

*2. A aprobación definitiva do orzamento xeral polo Pleno da corporación haberá de realizarse antes do día 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio en que deba aplicarse (...)*”

Pola súa banda, o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sinala que

*“1. O acto de aprobación provisional do Orzamento Xeral, sinalando o lugar e data inicial do cómputo do prazo de exposición ao público, anunciarase no «Boletín Oficial» da provincia ou, no seu caso, da Comunidade Autónoma Uniprovincial, e simultaneamente poñerase ao dispor do público a correspondente documentación por un prazo de quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O Orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado período non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.*

*Este último prazo entenderase contado a partir do día seguinte á finalización da exposición ao público e as reclamacións consideraranse denegadas, en calquera caso, se non se resolvesen no acto de aprobación definitiva.*

*2. A aprobación definitiva do Orzamento Xeral polo Pleno da Corporación haberá de realizarse antes do día 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio en que deba aplicarse (art. 150.2, LRHL)”*

Este é o meu informe que someto a calquera outro con mellor criterio fundado en Dereito. Non obstante o órgano competente decidirá o que estime máis conveniente aos intereses xerais.’

2. PROPOSTA DA ALCALDÍA, do 18 de marzo de 2026, cuxa parte expostiva é do seguinte teor:

### ‘ANTECEDENTES QUE OBRAN NO EXPEDIENTE

#### ❖ **Aprobación inicial do Orzamento Xeral.**

O Excmo. Concello Pleno, na súa sesión ordinaria celebrada o día 06/02/2026, adoptou, entre outros, o acordo 1/12 polo que se aprobou inicialmente o Orzamento Xeral para o ano 2026.

❖ **Anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 037 de 14/02/2026, de *exposición pública* polo prazo de quince días hábiles do Orzamento Xeral ao efecto da presentación de reclamacións polos interesados.**

❖ **Reclamacións ao Orzamento 2026**

A xefa de negociado de Rexistro, o 11/03/2026, emitiu un informe relativo ás reclamacións presentadas ao orzamento xeral da Corporación para a anualidade 2026, que a continuación se detallan:

NÚM REXISTRO	DATA PRESENTACION	SOLICITANTE
202600000009241	03-03-2026 12:57:13	CEIP AS GANDARAS
202600000009908	06-03-2026 09:12:13	AFI-USO
202699900004700	02-03-2026 16:12:33	ASOCIACION VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA XUNTOS POR LUGO
202699900004737	02-03-2026 22:50:35	ASOCIACION DE VECIÑOS SAGRADO CORAZON DE LUGO
202699900004824	03-03-2026 14:01:21	RODRIGUEZ CHAO, MARIA TERESA
202699900004845	03-03-2026 16:10:01	ASOCIACION VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA XUNTOS POR LUGO
202699900004906	04-03-2026 10:15:22	ASOCIACION DE FESTAS SAN XOSE AS GANDARAS
202699900005006	04-03-2026 20:37:46	PLATAFORMA SOS MILAGROSA
202699900005012	04-03-2026 21:09:50	ASOCIACION DE EMPRESARIOS DO POLIGONO INDUSTRIAL DO CEAO
202699900005045	05-03-2026 09:27:02	MOVEMENTO VECIÑAL EQUIPO DE TRABALLO O CASTIÑEIRO
202699900005057	05-03-2026 10:18:41	FERNANDEZ GONZALEZ, CRISTINA
202699900005059	05-03-2026 10:21:54	ASOCIACION PROTECTORA DE GATOS DA RUA MICHOS DE LUGO
202699900005088	05-03-2026 12:02:50	ASOCIACION DE VECIÑOS NOVA ABELLA
202699900005135	05-03-2026 17:19:24	SOCIEDAD PROTECTORA DE ANIMALES Y PLANTAS DE LUGO
202699900005152	05-03-2026 22:48:13	ASOCIACION CULTURAL DE VECINOS Y COMERCIANTES DE SAN ANTONIO
202699900005153	05-03-2026 22:52:15	ASOCIACION CULTURAL DE VECINOS Y COMERCIANTES DE SAN ANTONIO
202699900005154	05-03-2026 22:55:57	ASOCIACION CULTURAL DE VECINOS Y COMERCIANTES DE SAN ANTONIO
202699900005256	06-03-2026 16:43:43	ASOCIACION SAN ISIDRO PIRINGALLA

❖ **Informe da Intervención Xeral Municipal Ref.: 2026/393 do 17.03.2026'**

3. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE, emitido na sesión celebrada o día 23 de marzo de 2026.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

## ACTAS E GOBERNO

AMRG/cal

Ref: 26p040040032

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-3-2026

### Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego e de dona María Reigosa Castro
- **Votos en contra:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Abstencións:** 0

Ao producirse empate na votación decide a mesma o voto de calidade do Excmo. Sr. alcalde.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, logo de analizar as alegacións que constan rexistradas no período de exposición ao público, así como o contido das mesmas e o Informe da Intervención Xeral Municipal 2026/393 do 17.03.2026, por maioría simple, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Declarar a admisión das seguintes alegacións presentadas en base ao artigo 170.2.a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, admitíndose deste xeito a condición de interesados dos asinantes, e tendo en conta que as reclamacións foron presentadas dentro do prazo sinalado na lexislación en vigor, sendo de aplicación o disposto no artigo 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

- Reclamación NRE 202699900004824 presentada o 03.03.2026 por dona María Teresa Rodríguez Chao, con DNI nº 33.308.138-K, en calidade de Presidenta da Sección Sindical de CC.OO. no Concello de Lugo.

- Reclamación NRE 20260000009908 presentada o 06.03.2026 por PARDO FERNANDEZ, MANUEL como secretario da sección sindical de AFI-USO no Concello de Lugo.

**SEGUNDO.-** Inadmitir, por non ter encaixe legal en ningún dos supostos sinalados no artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as seguintes reclamacións:

- Reclamación NRE 202699900004700 presentada o 02.03.2026 por ASOCIACION VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA XUNTOS POR LUGO.

- Reclamación NRE 202699900004737 presentada o 02.03.2026 por ASOCIACION DE VECIÑOS SAGRADO CORAZON DE LUGO.

- Reclamación NRE 20260000009241 presentada o 03.03.2026 por CEIP AS GANDARAS.

- Reclamación NRE 202699900004906 presentada o 04.03.2026 por ASOCIACION DE FESTAS SAN XOSE AS GANDARAS.
- Reclamación NRE 202699900005006 presentada o 04.03.2026 por CARBALLO BARRO, TERESA en representación da PLATAFORMA SOS MILAGROSA.
- Reclamación NRE 202699900005012 presentada o 04.03.2026 por ASOCIACION DE EMPRESARIOS DO POLIGONO INDUSTRIAL DO CEAO.
- Reclamación NRE 202699900005045 presentada o 05.03.2026 por PARGA VALIÑA, RAMON en representación de EQUIPO DE TRABALLO O CASTIÑEIRO.
- Reclamación NRE 202699900005088 presentada o 05.03.2026 por JOSE MANUEL RODRIGUEZ VARELA en representación de ASOCIACION DE VECIÑOS NOVA ABELLA.
- Reclamación NRE 202699900005057 presentada o 05.03.2026 por FERNANDEZ GONZALEZ, CRISTINA, como habitante do territorio da entidade local.
- Reclamación NRE 202699900005152 presentada o 05.03.2026 por ASOCIACION CULTURAL DE VECINOS Y COMERCIANTES DE SAN ANTONIO.
- Reclamación NRE 202699900005153 presentada o 05.03.2026 por ASOCIACION CULTURAL DE VECINOS Y COMERCIANTES DE SAN ANTONIO.
- Reclamación NRE 202699900005154 presentada o 05.03.2026 por ASOCIACION CULTURAL DE VECINOS Y COMERCIANTES DE SAN ANTONIO.
- Reclamación NRE 202699900005256 presentada o 06.03.2026 por ASOC VECIÑAL CULTURAL DEPORTIVA SAN ISIDRO PIRINGALLA.
- Reclamación NRE 202699900004845 presentada o 03.03.2026 por ASOCIACION VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA XUNTOS POR LUGO.
- Reclamación NRE 202699900005135 presentada o 05.03.2026 pola SOCIEDAD PROTECTORA DE ANIMALES Y PLANTAS DE LUGO.
- Reclamación NRE 202699900005059 presentada o 05.03.2026 pola ASOCIACION PROTECTORA DE GATOS DA RUA MICHOS DE LUGO.

**TERCEIRO.-** Desestimar as seguintes alegacións admitidas, polos motivos expostos para cada caso no Informe da Intervención Xeral Municipal Ref.: 2026/393 do 17.03.2026 que figura no expediente:

## ACTAS E GOBERNO

AMRG/cal

Ref: 26p040040032

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-3-2026

- Reclamación NRE 202699900004824 presentada o 03.03.2026 por dona María Teresa Rodríguez Chao, con DNI nº 33.308.138-K, en calidade de Presidenta da Sección Sindical de CC.OO. no Concello de Lugo.

- Reclamación NRE 202600000009908 presentada o 06.03.2026 por PARDO FERNANDEZ, MANUEL como secretario da sección sindical de AFI-USO no Concello de Lugo.

**CUARTO.-** Aprobar definitivamente -unha vez rematado o prazo de exposición pública para a presentación de reclamacións e resoltas estas- O ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO PARA O EXERCICIO 2026, que ascende nivelado en ingresos e gastos a 131.886.261,91 euros.

**QUINTO.-** Aprobar definitivamente o cadro de persoal do Concello de Lugo, tanto de funcionarios como de laborais, segundo figura no expediente confeccionado para o efecto polo servizo de Persoal.

**SEXTO.-** Aprobar definitivamente as Bases de Execución do Orzamento Xeral 2026.

**SÉTIMO.-** Proceder á publicación do Orzamento Xeral 2026 no BOP, de acordo co previsto no artigo 169.3 do R.D.Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e o cadro de persoal de acordo co sinaldo no artigo 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

**OITAVO.-** Remitir copia do Orzamento xeral definitivamente aprobado á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma, de acordo co previsto no artigo 169.4 do R.d.legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.